

Solicitante	Vehículos	Importe
4. Autos Rodríguez Eocar, S.L.	Mercedes Benz Vario 818D	24.000,00 euros
5. Empresa Freire, S.L.	Scania K360 Castrosúa Magnus Scania K360 Castrosúa Magnus	48.000,00 euros
6. Donado Campos, S.L.	Mercedes Benz Sprinter 515 CDI Mercedes Benz Vario 818D	46.000,00 euros
7. Empresa Pereira, S.L.	BMC 950 LE Hawk	24.000,00 euros
8. Autocares Meijide, S.L.	Mercedes Benz Sprinter 516 CDI Mercedes Benz Sprinter 516 CDI	48.000,00 euros
9. Viajes Melytour, S.L.	Man Beulas 24480	24.000,00 euros
10. Empresa Cuñía, S.L.	Volvo B12B	24.000,00 euros
11. Autocares Rías Baixas, S.L.	Mercedes Benz Sprinter 515 CDI	24.000,00 euros
12. Anpián, S.A.	Mercedes Benz Sprinter 516 CDI	24.000,00 euros
13. Autocares Rivas, S.L.	Mercedes Benz Sprinter 515 CDI	24.000,00 euros
	Total	359.619,18 euros

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Resolución do 20 de decembro de 2010 pola que se aproba a relación de anteproxectos de parques eólicos seleccionados ao abeiro da Orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos en Galicia.

Antecedentes de feito.

Primeiro.-Mediante Orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos en Galicia (DOG nº 61, do 31 de marzo) abriuse convocatoria pública para a selección de parques eólicos na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o procedemento establecido na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Segundo.-No prazo de presentación, iniciado o 19 de abril e rematado o 19 de xullo de 2010, recibíronse noventa e tres solicitudes.

Terceiro.-Nos termos do previsto no artigo 9º da orde, o conselleiro de Economía e Industria, mediante Resolución do 13 de xullo de 2010 (DOG nº 135, do 16 de xullo) nomeou os membros da comisión de valoración encargada da comprobación dos requisitos e da avaliación dos criterios de selección que estivo presidida polo director do Instituto Enerxético de Galicia. O 21 de setembro de 2010 produciuse a substitución do vogal designado en representación da consellería con competencias en materia de ambiente.

Cuarto.-Consonte o establecido na orde, a tramitación pola comisión de valoración comezou coa fase de emenda das solicitudes presentadas, continuou coa comprobación das capacidades legal, técnica e económica dos solicitantes, coa verificación dos requisitos técnicos e ambientais mínimos dos anteproxectos de parques eólicos e concluíu coa avaliación e selección das solicitudes mediante a barema-

ción dos criterios establecidos no artigo 8º da orde. A tramitación exposta levouse a cabo nas concretas actuacións que, por orde cronolóxica, constan nas actas das distintas reunións e demais documentación incorporada ao expediente administrativo, debéndose destacar os seguintes antecedentes de feito.

Quinto.-O 2 de agosto de 2010, revisada inicialmente a documentación presentada ao abeiro da convocatoria, a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, por instancia da comisión de valoración, requiriu oito dos participantes por falta de presentación dos lapis de memoria 1 e 2 ou por ausencia do arquivo informático denominado Parques 2010, citado no anexo III da orde.

Sexto.-O 17 de setembro de 2010, examinada a documentación relativa ás capacidades legal, técnica e económica así como a comprendida nos anteproxectos, a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, a pedimento petición da comisión de valoración, instou para emenda oitenta e nove solicitantes.

Sétimo.-O 27 de setembro e o 13 de outubro de 2010 a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, á demanda da comisión de valoración, requiriu catro dos participantes para a presentación de documentación aclaratoria.

Oitavo.-O 18 de outubro de 2010 a comisión de valoración formulou informe relativo ás exclusións de parques eólicos por incumprimento de requisitos técnicos. O documento leva por título Informe de exclusións de posicións de aeroxeradores e parques eólicos con respecto ao incumprimento dos requirimentos mínimos dos parques eólicos.

Noveno.-O 9 de novembro de 2010 a comisión de valoración emitiu informe pormenorizado en que se bareman os anteproxectos presentados en atención aos criterios de valoración identificados coas letras A), B), C), E), F) e G). O documento denomínase Valoración dos criterios A-B-C-E-F-G das solicitudes presentadas con base na Orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos de Galicia. No informe consta, desagregada por criterios e subcriterios, a puntuación obtida por cada un dos anteproxectos.

Décimo.-O 16 de novembro de 2010, concluíndo as actuacións desenvolvidas desde o primeiro momento da tramitación para a comprobación das capacidades e requisitos mínimos dos solicitantes, a comisión de valoración formulou informe en que se recollen os participantes excluídos por non acreditar a capacidade económica. O documento titúlase Capacidade económica.

Décimo primeiro.-O 17 de novembro de 2010, rematando as actuacións levadas a cabo desde o inicio da instrución, co obxecto de comprobar as capacidades e requisitos dos participantes, a comisión de valoración emitiu informe detallado en que se recollen os solicitantes excluídos por non acreditar a capacidade legal ou técnica e os requisitos relativos

ao depósito de fianzas e pagamento das taxas. O documento leva por título, Emendas de documentación xeral, capacidade legal e técnica das solicitudes.

Décimo segundo.-O 17 de novembro de 2010 a comisión de valoración emitiu o informe final sobre a avaliación dos plans industriais.

Décimo terceiro.-O de 18 de novembro de 2010 a comisión de valoración eleva á Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas proposta de resolución en que se recollen os anteproxectos de parques eólicos excluídos, a relación de parques eólicos seleccionados e a listaxe de suplencias.

Décimo cuarto.-O 19 de novembro de 2010 presentáronse publicamente os resultados da comisión de valoración e entregouse un cadro resumo desagregado por cada empresa seleccionada no cal se consignaron o investimento e os empregos proporcionais que cada empresa está obrigada a desenvolver, coincidindo esta información cos datos contidos no anexo V desta resolución.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.- Con fundamento no artigo 28º do Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se determina a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, de conformidade co artigo 35º.2 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental e en virtude do sinalado no artigo 13º.1 da Orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos en Galicia, a Dirección Xeral de Industria Enerxía e Minas é a competente para resolver este procedemento e correspondelle ao seu director xeral ditar a resolución de selección dos anteproxectos e de asignación de potencias.

Segundo.-Consonte o artigo 10º da orde, logo da presentación e exame das solicitudes, a dirección xeral competente en materia de enerxía, por petición da comisión de valoración, requiriu os interesados para que, de ser o caso, corrixisen os defectos de natureza emendable e presentasen a documentación que lles fora requirida, coa advertencia de que, de non o facer así, se lles tería por desistidos das súas solicitudes.

Os requirimentos foron cumpridos polos solicitantes, polo que non procede decláralos desistidos das súas solicitudes.

Terceiro.-O artigo 32º da Lei 8/2009 dispón a necesidade de verificar, con carácter previo á continuación do procedemento, que as solicitudes presentadas cumpran cos requisitos de capacidade exhibibles aos solicitantes, debendo recaer o oportuno pronunciamento ao respecto na resolución de selección que se notifique aos interesados. En similar sentido pronúnciase o artigo 11º da orde ao sinalar que, logo da emenda das solicitudes e previamente ao inicio do proceso de avaliación, se debe realizar a comprobación das capacidades legal, técnica e económica dos solicitantes, téndose por excluídos

aqueles que non acrediten debidamente algunha destas capacidades.

Nesta fase procedemental resulta tamén necesario comprobar o cumprimento dos requisitos esenciais de presentación das garantías reguladas no artigo 5º da orde e do pagamento das taxas de presentación de anteproxectos.

Cumpridos os preceptos normativos citados, analizada a documentación achegada polos interesados, examinados os informes emitidos e constatada a falta de acreditación das capacidades e demais requisitos mencionados no parágrafo anterior, débese acordar a exclusión do procedemento dos solicitantes que figuran no anexo I desta resolución polas concretas causas que neste se especifican.

Cuarto.-O artigo 6º e o anexo II da orde establecen as características técnicas que deberán observar os anteproxectos de parques eólicos solicitados, resultando por iso obrigado un exame dos anteproxectos co obxectivo de excluír, con carácter previo e sen entrar na súa valoración, aqueles parques que non cumbran os requisitos técnicos mínimos exixidos.

Por aplicación análoga do exposto no artigo 12º.3 da orde que, aínda que referido ao suposto de solapamento entre distintos parques, rexeita aqueles anteproxectos que non acaden o 75% da potencia inicialmente solicitada, non poden ser tidos en conta, para efectos de valoración, aqueles parques eólicos que, en virtude do exame técnico efectuado, visen diminuída a súa potencia en máis dun 25 % da solicitada.

Examinados os anteproxectos de parques eólicos, vistos os informes formulados e constatado o incumprimento dos requisitos técnicos mínimos, débese acordar a exclusión dos parques eólicos relacionados no anexo II desta resolución.

Quinto.-Dado que a suma das potencias das solicitudes que cumpren os requisitos previamente comprobados (13.437, 57 MW) é superior á potencia máxima prevista na orde (2.325 MW), dedúcese ineludible abrir unha fase de selección competitiva, en que resultarán elixidos os anteproxectos mellor avaliados de acordo cos criterios establecidos no artigo 8º da orde e concretados no seu anexo V.

Sexto.-Con respecto ao criterio D), Compromiso firme e periodificado dun proxecto de desenvolvemento de natureza industrial, a comisión de valoración, en uso da súa función de avaliación e para acoutar obxectivamente o seu contido, establece como actuacións non avaliábeis as seguintes:

1. En xeral, todas aquelas actuacións iniciadas con anterioridade á publicación da orde de convocatoria, no entendemento de que non son consecuencia e compromiso da adxudicación de potencia eólica neste concurso.

2. En xeral, todas aquelas actuacións nas cales non se acredite a realización de investimentos en activos fixos tanxibles ou a creación de empregos.

3. Os parques eólicos experimentais, pola incerteza respecto da súa autorización derivada da inexistencia de normativa estatal ou autonómica.

4. As actuacións que, precisando autorización ou concesión administrativa, obtivesen con anterioridade á publicación da orde de convocatoria, no entendemento de que non son consecuencia e compromiso da adxudicación de potencia eólica neste concurso.

5. As actuacións que, precisando autorización ou concesión administrativa, estean suxeitas a un réxime de pública concorrencia.

6. Os reforzos de infraestruturas de distribución eléctrica para a evacuación dos parques eólicos que se vaian construír como resultado da actual convocatoria, dado que se trata de infraestruturas necesarias e imprescindibles para o normal funcionamento dos parques eólicos.

7. Os investimentos derivados da construción de parques eólicos que proveñan tanto de anteriores convocatorias como desta, por non ser plan industrial asociado ao formar parte do propio proxecto eólico.

8. A repotenciación de parques eólicos anteriores ao ano 2001 e a repotenciación de parques eólicos posteriores ao ano 2001 se a repotenciación aumenta a potencia e, polo tanto, queda suxeita a esta orde de convocatoria.

9. As actuacións que impliquen instalacións de biomasa clasificadas no grupo B6, por estar suxeito o seu outorgamento a un réxime de pública concorrencia, segundo determina o Decreto 149/2008, do 26 de xuño, polo que se regula o procedemento de autorización das instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir da valorización enerxética da biomasa forestal primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

10. As anualidades daquelas actuacións que excedan os dez primeiros anos da súa periodificación, debido á incerteza respecto da súa viabilidade, en concordancia coa exixencia mínima de presentación das contas anuais provisionais do proxecto cunha proxección mínima de dez exercicios, contida no artigo 7º.1 número 6 da orde con motivo da regulación dos requisitos exixibles aos plans de natureza industrial.

Con respecto ao terceiro punto anteriormente enunciado relativo a parques eólicos experimentais, o 23 de novembro publicouse no BOE o Real decreto 1565/2010, do 19 de novembro, polo que se regulan e modifican determinados aspectos relativos á actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial; tampouco ao abeiro deste regulamento resultarían avaliábeis estas instalacións, por careceren de recoñecemento outorgado pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, tal e como dispón o devandito regulamento, o que dá lugar á incerteza da súa realización.

Sétimo.-Nos termos do establecido nos artigos 33º.1 da Lei 8/2009 e 12º.3 da orde, se logo de efectuada a avaliación dos parques eólicos, se pro-

ducen solapamentos de dous ou máis parques, deberá prevalecer aquel que resulte mellor avaliado conxunto os criterios de valoración.

A existencia de solapamentos explica que dentro dunha mesma zona eólica fosen seleccionados parques eólicos con menor puntuación que outros mellor valorados pero incursos en solapamentos e, polo tanto, automaticamente desprazados polos que, coincidindo sobre igual espazo físico, resultasen mellor avaliados.

Polo exposto, na listaxe de suplentes por zonas a obtención dunha puntuación superior por parte dun parque non significa necesariamente a automática e inmediata incorporación á lista de seleccionados no suposto de existir unha renuncia ou revogación, debéndose constatar con carácter previo a inexistencia de solapamentos cos parques que figuren xa seleccionados nesa zona.

Oitavo.-Como cláusula de peche para a asignación íntegra da potencia máxima ofertada pola orde, na actual resolución adóptase a solución proposta pola comisión de valoración dentro da súa función de avaliación das solicitudes e da plena compatibilidade cos criterios establecidos pola orde de convocatoria.

De acordo co artigo 1º.2 da orde establécese unha distribución en dez zonas da potencia máxima que se tramitará. Pola súa parte a cada unha destas zonas asígnaselle unha potencia para desenvolver dentro das ADE que a integran.

Cómpre indicar que para a zona 5 a orde prevé unha potencia de 245 MW para adxudicar entre os parques que se presentan nas distintas ADE que se integran nela. Logo de examinados os anteproxectos de parques e por mor dos solapamentos existentes entre as súas poligonais, só é posible seleccionar un máximo de 222 MW, polo que quedarían sen outorgar 23 MW.

O exíguo da dita cifra supón que o incremento de potencia en calquera das restantes zonas non leve consigo problemas significativos no que concirne á posibilidade de evacuación da totalidade da enerxía producida na zona.

Por isto, a comisión de valoración propón como solución incrementar en 23 MW a potencia que se adxudicará nalgunha das restantes zonas. A dita posibilidade baséase no feito de que en todas elas o último parque seleccionado non o foi pola potencia total solicitada, senón pola residual ata completar o máximo de potencia ofertada.

Polo mesmo, considérase viable que os 23 MW sobrantes da zona 5 pasen a incrementar a potencia daquela zona en que se integre o parque que alcanzase unha maior puntuación total de entre todos os que estean na situación anteriormente exposta.

Ao ser o anteproxecto de *Eólica Galenova S.L.* denominado Outes, cunha puntuación de 80,29 puntos, o mellor cualificado da relación, debería ser adxudicado ao dito anteproxecto situado na zona 7 o incremento de 23 MW, ao darse tamén a circunstan-

cia de que a potencia solicitada neste, ao ser de 50 MW, excede esta contía.

A listaxe dos últimos anteprojectos seleccionados en cada unha das zonas coa correspondente puntuación obtida inclúese no anexo IV desta resolución.

Noveno.-Avaliadas as solicitudes, constatados os solapamentos e axustada a potencia residual conxunto o criterio mencionado no fundamento anterior, a comisión de valoración determina a relación de parques eólicos seleccionados por cada unha das dez zonas, con indicación dos promotores, das potencias asignadas a cada parque e das puntuacións obtidas en cada un dos criterios de valoración. Igualmente elabora unha lista de anteprojectos suplentes por zonas incorporada no anexo III desta resolución.

Décimo.-De conformidade co sinalado no artigo 34º.1.d) da Lei 8/2009 e do tamén previsto no artigo 7º.2 da Orde, os titulares de proxectos seleccionados que asociasen á súa solicitude un plan de natureza industrial quedan comprometidos á execución do plan avaliado, compromiso que se executará conforme a regra xeral de proporcionalidade sinalada no penúltimo parágrafo do artigo 7º.1 da orde.

O desenvolvemento íntegro do plan industrial mencionado no artigo 7º.2. b) da orde, refírese á integridade resultante da proporcionalidade sinalada na regra xeral.

Aos titulares dos anteprojectos seleccionados incursos no suposto do artigo 7º.2.c) da orde, no caso de que non exercesen a facultade de opción mencionada neste precepto, éelles de aplicación subsidiaria a regra xeral do penúltimo parágrafo do artigo 7º.1 referente á execución e desenvolvemento proporcional do seu plan industrial.

En virtude do exposto, en cumprimento da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, da Orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos en Galicia e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.-Excluír por falta de acreditación das capacidades legal, técnica e económica e por incumprimento dos requisitos de presentación de garantías e pagamento de taxas, os solicitantes relacionados no anexo I desta resolución.

Segundo.-Excluír por falta de acreditación dos requisitos técnicos mínimos as solicitudes de parques eólicos relacionadas no anexo II desta resolución.

Terceiro.-Aprobar a seguinte relación de parques eólicos seleccionados por zonas, con indicación do promotor, das ADE en que se localizan, as potencias asignadas e as puntuacións obtidas por cada parque.

Zona	Promotor	Parque	ADE	Potencia	Puntuación
1	Norvento, S.L.	Boutareira	Faladoira	18	88,44
1	Norvento, S.L.	Dos Penidos	Dos Penidos	9	82,79
1	Fenosa Wind, S.L.	Moeche-Outerio	Moeche	15	85,08
1	Enebro Renovables, S.L.	P.E. de Oroul	Oroul	24	84,20
1	Galfor Eólica, S.L.	Parque Eólico Canedo	Mondoñedo	13,5	80,10
1	Nieblagen, S.L.	Parque Eólico Faro	Faro	3	64,38
1	Fergo Galicia Vento Pee, S.L.	Parque Eólico Figueiras	Mondoñedo	22,5	66,08
2	Norvento, S.L.	A Pastoriza	A Pastoriza	33	92,17
2	Norvento, S.L.	Cadeira	Mondigo	18	90,98
2	Norvento, S.L.	Carracedo	Carracedo	9	92,51
2	Norvento, S.L.	Coto de Frades	Coto de Frades	15	88,17
2	Esus Energía Renovable, S.L.	Mondigo	Mondigo	45	37,94
2	Norvento, S.L.	Neda	Monte Neda	33	92,48
2	Ferrolterra Renovables, S.L.	Neipin	Neipin	18	52,80
2	Iberdrola Renovables Galicia, S.A.U.	P.E. Ampliación Serra de Meira	Serra de Meira	2	37,28
2	Airosa Vento, S.L.	P.E. de Serra de Liñares	Serra de Liñares	48	76,03
2	Fenosa Wind, S.L.	Pastoriza-Rodeiro	Pastoriza	45	84,57
2	Norvento, S.L.	Sasdónigas Fase II	Sasdónigas	9	93,10
3	Enel Green Power España, S.L.	Chao do Marco	Becerreá	48	49,31
3	Fenosa Wind, S.L.	Cordal-Ousá	Cordal	21	86,00
3	Estela Eólica, S.L.	Meda	Meda	48	84,92
3	Aventoa, S.L.	Monte do Marco	Serra do Ligonde	6	78,14
3	Norvento, S.L.	Montes de Abella	Montes de Abella	15	90,30
3	Estela Eólica, S.L.	San Cristovo	San Cristovo	18	88,65
3	Estela Eólica, S.L.	Serra da Lagoa	Serra da Lagoa	48	88,59
3	Energías Renovables de Galicia, S.A.	Serra da Lagoa	Serra da Lagoa	29	43,85
3	Acciona Energía, S.A.	Serra do Punago	Serra do Punago	24	44,54
3	Fenosa Wind, S.L.	Serra do Punago-Vacariza	Serra do Punago	48	84,48
4	Enel Green Power España, S.L.	Cañizo	Cañizo I	48	45,35
4	Airosa Vento, S.L.	P.E. de Cernego	Cernego	21	73,80
4	Kaekias Eólica, S.A.	Parque Eólico Lamas de Feas	A Guioncha	33	87,73
4	Fenosa Wind, S.L.	Rodicio-Peredo	Rodicio	48	81,75
4	Acciona Energía, S.A.	Serra de Gomariz	Serra de Gomariz	28	44,35
4	Torre de Hércules, S.L. Sociedad Unipersonal	Xinzo Norte	Xinzo	27	77,60
5	Puentengasa, S.L.	Coto de Eiras	Coto de Eiras	48	75,84
5	Puentengasa, S.L.	Edreira I	Edreira	24	76,41
5	Vector Verde, S.A.	Parque Eólico Alto da Telleira	Montouto	48	86,92
5	Cogal Renovables, S.L.	Parque Eólico Chan do Eixo	Chan do Eixo	12	55,33
5	Energías de Rande, S.L.	Parque Eólico de Carballa	Carballoso	12	86,83
5	Tiraventos, S.L.	Parque Eólico do Merendón	Toroña II	21	85,64
5	Cogal Renovables, S.L.	Parque Eólico O Sobreiro	Montouto	18	47,37
5	Terra do Vento, S.R.L.	Tv-20 Serra do Galíneiro	Serra do Galíneiro	39	73,47
6	Norvento, S.L.	Acibal	Monte Acibal	12	88,64
6	Puentengasa, S.L.	Fontevecha	Fontevecha	24	75,94
6	Norvento, S.L.	Monte Xesteiros	Monte Xesteiros	33	90,42
6	Tiraventos, S.L.	Parque Eólico dos Cotos	Curro	30	86,30
6	Vento Continuo Galego, S.L.	Parque Eólico Monte Arca	Monte Arca	24	81,99
6	Renoveurysa, S.A.	Parque Eólico Monte Castrove	Castrove	6	73,40
6	Beltaine Renovables, S.L.	Parque Eólico Touriñán III-2	Touriñán 3	24	83,05

Zona	Promotor	Parque	ADE	Potencia	Puntuación
6	Enel Green Power España, S.L.	Pedras Negras	Morrazo	42	58,17
7	Norvento, S.L.	O Barbanza	Barbanza	15	86,39
7	Norvento, S.L.	Oleirón	Oleirón	24	88,20
7	Norvento, S.L.	Outes	Outes	21	88,62
7	Eólica Galenova, S.L.	Outes	Outes	27	80,29
7	Vendavales Galaicos, S.L.	Parque Eólico de Pedras Longas	Pedras Longas	9	86,09
7	Beltaine Renovables, S.L.	Parque Eólico Monte Piquiño	Monte Piquiño	27	83,30
8	Fenosa Wind, S.L.	G9_G10-Espuriñas	G9-G10	33	81,26
8	Norvento, S.L.	Monte Tourado	Monte Tourado	21	88,09
8	Fenosa Wind, S.L.	Monte Tourado-Eixe	Monte Tourado	36	80,41
8	Gestamp Eólica, S.L.	Mouriños	G17	33	79,99
8	Airosa Vento, S.L.	P.E. de Paxareiras II	Paxareiras II	24	81,84
8	Edp Renewables Europe, S.L.	Parque Eólico Alto da Croa	Alto da Croa	3	58,67
8	Kaekias Eólica, S.A.	Parque Eólico Campelo	San Roque	42	85,77
8	Norvento, S.L.	Salgueiras	G3/G16	18	80,09
9	Estela Eólica, S.L.	Bullos	Monte do Gato	21	88,22
9	Eólica Galenova, S.L.	Campo Pequeno	Alto da Pedrida-Santamariña	27	84,50
9	Fenosa Wind, S.L.	Corda- Cruceiro	Monte da Corda	30	84,39
9	Fenosa Wind, S.L.	Cordal de Montouto-Pando	Cordal de Montouto	33	81,06
9	Fenosa Wind, S.L.	Mesía-Santa Cristina	Mesía	18	87,18
9	Enebro Renovables, S.L.	P.E. de Friol	Cova da Serpe	21	83,85
9	Cortizo Eólicas, S.L.	Parque Eólico O Picoto	Pedrouzos	3	57,03
9	Sigenera, S.L.	Parque Eólico Pico Cedeira	Pico Cedeira	48	80,02
9	Financiera Maderera, S.A.	Pedrouzos	Pedrouzos	21	89,46
9	Estela Eólica S.L.	Pena do Corvo	Pico Felga	18	88,27
9	Aldesa Energías Renovables de Galicia, S.L.	Xalo	Pedrouzos	45	66,86
10	Estela Eólica, S.L.	As Penizas	Cabanelas	33	88,79
10	Fenosa Wind, S.L.	Codesas-Monte da Fraga	Coto das Codesas	12	81,40
10	Aldesa Energías Renovables de Galicia, S.L.	Mesada	Mirón Seixas	11	67,03
10	Aldesa Energías Renovables de Galicia, S.L.	Orrea	Serra de Orrea	42	67,11
10	Airosa Vento, S.L.	P.E. de Serra do Farelo	Serra do Farelo	18	77,67
10	Airosa Vento, S.L.	P.E. de Monte Festeiros	Monte Festeiros	48	74,00
10	Airosa Vento, S.L.	P.E. de Outeiro Grande	Couto S. Sebastián	18	71,92
10	Aerogeneración Galicia, S.L.	P.E. de Pico Seco	Pico Seco	27	90,30
10	Aerogeneración Galicia, S.L.	P.E. de Valdepereira	Valdepereira	24	88,00
10	Torre de Hércules, S.L. Sociedad Unipersonal	Paraño Oeste	Paraño	50	80,00
10	Vector Verde, S.A.	Parque Eólico Coto Frío	O Irixe	36	86,38
10	Vendavales Galaicos, S.L.	Parque Eólico Outeiro Raposo	Serra do Cando	9	88,56
10	Vector Verde, S.A.	Parque Eólico Serra do Faro	Serra do Faro	33	86,91
10	Renovables San Martiño, S.L.	Parque Eólico Tenzas do Aire	Serra do Farelo	12	89,39
10	Breotecnía, S.A.	Prado Vello	Serra do Farelo	9	82,73
10	Ventos do Faro Farelo, S.L.	Ventosa	Serra de Orrea	18	68,76

Consonte o exposto no fundamento de dereito sétimo, cómpre salientar que a relación de parques eólicos seleccionados ten en conta a existencia de solapamentos.

Cuarto.-Aprobar a relación de parques eólicos suplentes por zonas, con indicación das potencias asignadas e as puntuacións obtidas por cada parque, que se inclúe no anexo III desta resolución.

Quinto.-Consonte o indicado no artigo 34º.1.d) da Lei 8/2009 e no parágrafo primeiro do artigo 7º.2 da orde, os titulares de anteproxectos seleccionados que asociasen á súa solicitude un plan de natureza industrial quedan comprometidos á execución periodificada do plan avaliado. Sen prexuízo de que os seleccionados desenvolvan a totalidade do plan, se o consideran conveniente, a execución e desenvolvemento do plan industrial avaliado concretarase na materialización, no prazo establecido no cronograma presentado na solicitude, do importe do investimento en activos fixos tanxibles e do número de empregos que, en termos de proporcionalidade, menciona o artigo 7º.1, penúltimo parágrafo, da orde, que textualmente indica: «Tras a selección dos mellores proxectos presentados, o titular quedará comprometido a executar, no desenvolvemento do seu plan industrial, uns investimentos en activos fixos tanxibles resultantes de multiplicar a potencia eólica que se lle seleccionou pola súa proposta en euros/MW solicitados, así como a crear un número de empregos resultantes de multiplicar a potencia que se lle seleccionou pola súa proposta en empregos/MW solicitados».

Sexto.-Conforme o sinalado no artigo 7º.2.b) da orde, cando a potencia asignada a un solicitante supere a potencia mínima de compromiso consignada na súa petición o titular seleccionado desenvolverá integramente, e en termos de proporcionalidade, o seu plan avaliado nos prazos previstos na súa solicitude.

Esta mesma regra aplicarase ao suposto de que a potencia asignada sexa igual á potencia mínima de compromiso consignada na solicitude, por se definir no artigo 7º.2 a) a potencia mínima de compromiso como a potencia mínima de megavatios a partir da cal o solicitante se compromete ao desenvolvemento íntegro do plan industrial.

Sétimo.-Consonte o sinalado no artigo 7º.2.c) da orde, cando a potencia asignada a un solicitante sexa menor á potencia mínima de compromiso consignada na súa solicitude, o solicitante poderá optar, como un dereito subsidiario da obriga principal prevista no artigo 7º.1, penúltimo parágrafo, entre renunciar á súa solicitude ou monetarizar o seu plan industrial. O prazo para exercer a facultade de opción, que se materializará mediante comunicación escrita dirixida ao director xeral de Industria, Enerxía e Minas, iníciarase o día seguinte ao da publicación da actual resolución e rematará o día 31 de xaneiro de 2011.

Transcorrido o dito prazo sen que se conforme a potestade nel indicada, ao titular do anteproxecto

seleccionado seralle de aplicación a regra xeral de execución da obriga principal prevista no punto quinto desta resolución.

Oitavo.-Co obxecto de concretar a obriga de execución do plan avaliado consonte a regra xeral de proporcionalidade contida no penúltimo parágrafo do artigo 7º.1 da orde, os titulares dos anteprojectos seleccionados disporán dun prazo, que comezará a contar o día 1 febreiro de 2011 e rematará o día 15 do mesmo mes, para remitir á Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas proposta de reaxuste do importe proporcional do investimento en activos fixos tanxibles, así como de creación de empregos. A proposta manterá aquelas actuacións que recollan unha execución do investimento máis pronta no tempo, respectando, en todo caso, o cronograma proposto na solicitude inicial e a proporcionalidade do importe en activos fixos tanxibles e creación de empregos.

No caso de titulares de anteprojectos seleccionados que tendo a posibilidade de optar consonte ao previsto no artigo 7º.2.c) non a exercesen, o transcurso do anterior prazo sen ter realizado a proposta de reaxuste entenderase como unha renuncia á súa solicitude.

Noveno.-A mora e/ou o incumprimento do desenvolvemento e da execución das diferentes actuacións do plan industrial conforme o cronograma presentado, así como a inobservancia das características técnicas, ambientais e socioeconómicas vinculadas ao proxecto e á solicitude, implicará a omisión dos distintos compromisos ofertados e propostos na dita solicitude e poderá dar lugar, logo da intimación por parte da Comisión de Seguimento que para o efecto se constitúa e logo de expediente contradictorio, á perda da potencia eólica asignada no proceso de selección e das garantías presentadas.

Décimo.-Consonte o establecido no artigo 5º da orde, procederá á inmediata devolución das garantías provisionais depositadas a aqueles solicitantes que non resultaron seleccionados. Aos solicitantes seleccionados as garantías seranlles retidas ata o inicio da fase do procedemento de autorización.

Décimo primeiro.-Esta resolución será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Economía e Industria, sen prexuízo da súa notificación individual a cada un dos solicitantes.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, conforme o establecido nos artigos 114º e 115º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que coiden pertinente.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2010.

Ángel Bernardo Tahoces

Director xeral de Industria, Enerxía e Minas

ANEXOS I-II-III-IV

Da resolución pola que se aproba a relación de anteprojectos seleccionados ao abeiro da Orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos de Galicia.

ANEXO I

Relación de solicitantes excluídos por falta de acreditación de capacidades e incumprimento de requisitos relativos a garantías e taxas

Empresa	Causas de exclusión
<i>A G Sistemas y Parques Energéticos, S.L.</i>	1-2-4-5
<i>Aero-renovables Montes do Deza, S.L.</i>	3-4-5
<i>Áridos H. Carballido, S.L.</i>	2-3
<i>Ecovento a Enerxía do Coñecemento, S.L.</i>	2
<i>Eólica Conso-Frieiras, S.L.</i>	1-2
<i>Ibereólica Galicia, S.L.</i>	1
<i>Parque Eólico Alto do Peón, S.A.</i>	2
<i>Russula Industrial, S.L.</i>	1-2-3-5
<i>Virandel, S.L.</i>	2

Causas de exclusión:

1. Ausencia do pagamento das taxas.
2. Ausencia do depósito do aval na *Caixa Xeral de Depósitos*, segundo se recolle no artigo 5º.
3. Non acredita capacidade legal.
4. Non acredita capacidade técnica.
5. Non acredita capacidade económica.

ANEXO II

Relación de parques eólicos excluídos por falta de acreditación dos requisitos técnicos mínimos

Parques eólicos excluídos de forma completa por non cumprir os requirimentos técnicos.

Empresa	Parque eólico	P (MW)	Causas de exclusión
<i>Enerfin Rodonita Galicia, S.L.</i>	Monte Cacho	15	1
<i>Galicia Vento II, S.L.</i>	Serra de Orrea	42	2
<i>Nieblagen, S.L.</i>	Parque Eólico Felga	24	3
<i>Soprodovento, S.L.</i>	Monte do Carballal	40	3
<i>Soprodovento, S.L.</i>	Serra Seca	22,5	3

Causas de exclusión polo incumprimento do artigo 6º:

1. A subestación atópase dentro da ADE, pero fóra da poligonal do parque.
2. Aeroxeradores fóra da ADE.
3. A subestación atópase fóra da ADE e fóra da poligonal do parque, xa que se presenta como compartida coa subestación doutro parque solicitado polo mesmo promotor nunha ADE veciña.

Parques eólicos con todos os seus aeroxeradores excluídos por non cumprir distintos requirimentos técnicos.

Empresa	Parque eólico	P (MW)	Causas de exclusión
<i>Beltaine Renovables, S.L.</i>	Parque Eólico ampliación Graiade	6	2
<i>E.ON Pastor Renovables, S.L.</i>	Cova da Serpe	27	6
<i>EDP Renovables Europe, S.L.</i>	Parque Eólico A Lagoa	30	4
<i>Fenosa Wind, S.L.</i>	Lagoa -Monte Redondo	30	4
<i>Lugo ICS, S.L.</i>	Parque Eólico Eogal-A Fonsagrada	3,37	2
<i>Lugo ICS, S.L.</i>	Parque Eólico Eogal-Burela	6,15	2
<i>Lugo ICS, S.L.</i>	Parque Eólico Eogal-Pol	3,37	4
<i>Montealto Energía, S.L.</i>	Parque Eólico Cabanelas	21	4-6
<i>Terra do Vento, S.R.L.</i>	TV-17 Monte Neme	18	4
<i>Viento de Lemos, S.L.</i>	P.E. Viento de Lemos Serra das Penas	15	4-6

Empresa	Parque eólico	P (MW)	Causas de exclusión
---------	---------------	--------	---------------------

Causas de exclusión polos artigos 6º.1, 6º.4, 6º.5 e anexo III:

- Artigo 6º.1: Aeroxeradores excluídos por estar fóra da poligonal principal.
- Artigo 6º.4: Aeroxeradores excluídos por solapamento con P.E. en funcionamento.
- Artigo 6º.4: Aeroxeradores excluídos por solapamento con P.E. autorizado.
- Artigo 6º.4: Aeroxeradores excluídos por solapamento con P.E. tramitado.
- Artigo 6º.5: Aeroxeradores excluídos por distancias propias.
- Anexo II: Aeroxeradores excluídos por distancia menor de 200 m ao límite da ADE ou da súa poligonal.

Parques eólicos excluídos por non acadar o 75% da potencia inicial despois de comprobar os requirimentos técnicos.

Empresa	Parque eólico	P (MW)	Causas de exclusión
---------	---------------	--------	---------------------

<i>Acciona Energía, S.A.</i>	Chan do Eixo	15	5
<i>Airosa Vento, S.L.</i>	P.E. de Monteneda	27	5-6
<i>Airosa Vento, S.L.</i>	P.E. de Outeiro	18	5
<i>Beltaine Renovables, S.L.</i>	Parque Eólico Pedrouzos	42	2
<i>E.ON Pastor Renovables, S.L.</i>	Faladoira	15	6
<i>E.ON Pastor Renovables, S.L.</i>	Faro	21	6
<i>E.ON Pastor Renovables, S.L.</i>	Monte Festeiros	39	6
<i>E.ON Pastor Renovables, S.L.</i>	Monte Neda	18	6
<i>E.ON Pastor Renovables, S.L.</i>	San Roque	48	6
<i>Enebro Renovables, S.L.</i>	P.E. de Pastoriza Sur	21	5
<i>Enel Green Power España, S.L.</i>	Peña Forcada Catasol III	15	4-5
<i>Esus Energía Renovable S.L.</i>	Augaceiras	33	2-5-6
<i>Eurus Energías Eenovables, S.A.U.</i>	Montes de Abella	38,4	3
<i>Ferrolterra Renovables, S.L.</i>	Pedras Longas	22,5	6
<i>Galicia Vento II, S.L.</i>	Valdeperreira	30	2-6
<i>Globwind Proyectos S.L.</i>	Coto da Lebre	42	5-6
<i>Globwind Proyectos S.L.</i>	Pico Felga	33	6
<i>Iberdrola Renovables Galicia, S.A.U.</i>	P.E. Monte Neda	27	4
<i>Lugo ICS, S.L.</i>	Parque Eólico Latrisa	18,45	3-6
<i>Montealto Energía, S.L.</i>	Parque Eólico O Irixo	46	6
<i>Montealto Energía, S.L.</i>	Parque Eólico Pico Seco	50	6
<i>Montealto Energía, S.L.</i>	Parque Eólico Serra de Orrea	33	5-6
<i>Nieblagen, S.L.</i>	Parque Eólico Néboa	21	6
<i>Opema Renovables, S.L.</i>	Bande	30	6
<i>Orisol Corporación Energética Galicia, S.A.</i>	Coto de Eiras	48	1
<i>Orisol Corporación Energética Galicia, S.A.</i>	Monte Acibal	48	1
<i>Orisol Corporación Energética Galicia, S.A.</i>	Monte Piquiño	39	1-2
<i>Orisol Corporación Energética Galicia, S.A.</i>	Pico Seco	30	1
<i>Orisol Corporación Energética Galicia, S.A.</i>	Valdeperreira	30	1
<i>Sigenera, S.L.</i>	Parque Eólico Monte Neda	48	4-5
<i>Terra do Vento, S.R.L.</i>	TV-19 Cordal de Montouto	48	4
<i>Ventauria Enerxía Rural, S.A.</i>	VEN-07 Pastoriza	48	2
<i>Ventea, S.L.</i>	Parque Eólico Bretoña	21	6
<i>Viento de Lemos S.L.</i>	P.E. Viento de Lemos Montes de Abella	30	6

Causas de exclusión polos artigos 6º.1, 6º.4, 6º.5 e anexo III:

- Artigo 6º.1: Aeroxeradores excluídos por estar fóra da poligonal principal.
- Artigo 6º.4: Aeroxeradores excluídos por solapamento con P.E. en funcionamento.
- Artigo 6º.4: Aeroxeradores excluídos por solapamento con P.E. autorizado.
- Artigo 6º.4: Aeroxeradores excluídos por solapamento con P.E. tramitado.
- Artigo 6º.5: Aeroxeradores excluídos por distancias propias.
- Anexo III: Aeroxeradores excluídos por distancia menor de 200 m ao límite da ADE ou da súa poligonal.

ANEXO III

Relación de parques eólicos suplentes

Zona	Promotor	Parque	ADE	Potencia (MW)	Puntuación
------	----------	--------	-----	---------------	------------

1	<i>Gestamp Eólica, S.L.</i>	Moeche	Moeche	30	84,13
---	-----------------------------	--------	--------	----	-------

Zona	Promotor	Parque	ADE	Potencia (MW)	Puntuación
------	----------	--------	-----	---------------	------------

	<i>Fenosa Wind, S.L.</i>	Faladoira-Caroceros	Faladoira	15	82,35
	<i>Airosa Vento, S.L.</i>	P.E. de Faladoira	Faladoira	21	78,85
	<i>Airosa Vento, S.L.</i>	P.E. de Moeche	Moeche	30	75,75
	<i>Nieblagen, S.L.</i>	Parque Eólico Boutureira	Faladoira	15	74,62
	<i>Fenosa Wind, S.L.</i>	Dos Penidos-Gatosa	Dos Penidos	15	72,84
	<i>Nieblagen, S.L.</i>	Parque Eólico Os Penidos	Dos Penidos	12	67,81
	<i>Somozas Energías Renovables, S.A.</i>	Faladoira	Faladoira	22,5	67,65
	<i>Enefin Rodonita Galicia, S.L.</i>	O Faro	Faro	24	63,09
	<i>Enel Green Power España, S.L.</i>	A Areosa	Faladoira	24	48,41
	<i>Eurus Energías Renovables, S.A.U.</i>	Redonda	Buio II	31,2	40,11
	<i>Promotora Energética de Chandrexa de Queixa, S.L.</i>	Pico Raso	Ourol	9	37,21
	<i>Iberdrola Renovables Galicia, S.A.U.</i>	P.E. Ampliación de Forgoselo	Forgoselo	18	35,28
	<i>E.ON Pastor Renovables, S.L.</i>	Buio II	Buio II	30	28,86
	Subtotal			296,70	
2	<i>Estela Eólica, S.L.</i>	Pastoriza	Pastoriza	48	88,48
	<i>Vendavales Galaicos, S.L.</i>	Parque Eólico Monte de Carracedo	Carracedo	9	87,90
	<i>Fenosa Wind, S.L.</i>	A Pastoriza -Serra	A Pastoriza	30	87,26
	<i>Aprovechamientos de Fuentes Energéticas, S.L.</i>	Parque Eólico Monte Neda	Monte Neda	21	85,25
	<i>Proyectos Eólicos de Galicia, S.L.</i>	P.E. Monte Neda	Monte Neda	24	82,82
	<i>Vento Continuo Galego, S.L.</i>	Parque Eólico Mondigo	Mondigo	42	82,57
	<i>Galfor Eólica, S.L.</i>	P.E. de Rodeiro	Pastoriza	18	82,09
	<i>Fenosa Wind, S.L.</i>	Carracedo-Veiga	Carracedo	12	81,84
	<i>Eólica Galenova, S.L.</i>	Murias	A Pastoriza	24	80,90
	<i>Proyectos Eólicos de Galicia, S.L.</i>	P.E. Carracedo	Carracedo	12	80,79
	<i>Eólica Galenova, S.L.</i>	Alto de Acevedal	Pastoriza	50	80,72
	<i>Fenosa Wind, S.L.</i>	Serra de Liñares - Penas	Serra de Liñares	48	80,22
	<i>Proyectos Eólicos de Galicia, S.L.</i>	P.E. Mondigo	Mondigo	30	79,53
	<i>Fenosa Wind, S.L.</i>	Mondigo -Pico Grande	Mondigo	48	79,31
	<i>Airosa Vento, S.L.</i>	P.E. de Pastoriza	Pastoriza	12	79,26
	<i>Airosa Vento, S.L.</i>	P.E. de Carracedo	A Pastoriza	42	76,43
	<i>Terra do Vento, S.R.L.</i>	TV-01 Pastoriza	A Pastoriza	48	75,17
	<i>Terra do Vento, S.R.L.</i>	TV-22 Mondigo	Mondigo	48	71,78
	<i>Enefin Rodonita Galicia, S.L.</i>	Serra de Liñares	Serra de Liñares	50	70,12
	<i>Cortizo Eólicas, S.L.</i>	Parque Eólico Pastoriza	Pastoriza	20	61,91
	<i>Enerpal, S.A.</i>	Alto da Igrexa	Pastoriza	49,5	53,40
	<i>Enerpal, S.A.</i>	Cordal de Neda	Monte Neda	36	50,72
	<i>Acciona Energía, S.A.</i>	Monte Neda	Monte Neda	27	48,94
	<i>Acciona Energía, S.A.</i>	Carracedo	Carracedo	9	48,85
	<i>Acciona Energía, S.A.</i>	Mondigo	Mondigo	42	48,48
	<i>Enel Green Power España, S.L.</i>	Navaes	Mondigo	48	47,58
	<i>Eólica da Cadeira, S.A.</i>	Farrapa III	A Pastoriza	45	43,89
	<i>Capital Energy, S.A.</i>	Parque Eólico Pastoriza, Tomonde e Serra Orea	Pastoriza	27	43,87
	<i>Sigenera, S.L.</i>	Parque Eólico de Pastoriza	Pastoriza	39	41,29
	<i>Eólica da Cadeira, S.A.</i>	Cadeira	Mondigo	49,5	39,82
	<i>Renovables del Occidente, S.A.</i>	Madomas	Coto de Frades	48	39,02
	<i>Turbinas Eólicas Magdalena, S.A.</i>	Carracedo	Carracedo	15	37,52
	<i>Renovables del Occidente, S.A.</i>	Peña Gorda	Mondigo	48	37,42

Zona	Promotor	Parque	ADE	Potencia (MW)	Puntuación
	<i>E.ON Pastor Renovables, S.L.</i>	Serra de Liñares	Serra de Liñares	33	31,43
	<i>Iberdrola Renovables Galicia, S.A.U.</i>	P.E. Mondigo	Mondigo	49,5	28,95
	Subtotal			1.201,50	
3	<i>Enebro Renovables, S.L.</i>	P.E. de San Cristovo	San Cristovo	18	85,91
	<i>Fenosa Wind, S.L.</i>	Serra da Lagoa - Trasalba	Serra da Lagoa	48	82,43
	<i>Fenosa Wind, S.L.</i>	Montes de Abella -Valiñas	Montes de Abella	24	81,63
	<i>Aprovechamientos de Fuentes Energéticas, S.L.</i>	Parque Eólico Serra da Lagoa	Serra da Lagoa	30	80,66
	<i>Fenosa Wind, S.L.</i>	Meda-Fompedriña	Meda	42	80,52
	<i>Fenosa Wind, S.L.</i>	Becerreá -San Pedro	Becerreá	48	80,01
	<i>Airosa Vento, S.L.</i>	P.E. de Serra da Lagoa	Serra da Lagoa	36	78,29
	<i>Os Catro Ventos do Noroeste, S.A.</i>	Parque Eólico do Cordal	Cordal	15	78,24
	<i>Airosa Vento, S.L.</i>	P.E. de Montes de Abella	Montes de Abella	15	75,54
	<i>Tablicia, S.A.</i>	Alto das Valiñas	Montes de Abella	18	74,00
	<i>Isowat Eólica, S.L.</i>	Montes de Abella	Montes de Abella	22,5	73,99
	<i>Terra do Vento, S.R.L.</i>	TV-04 Serra da Lagoa	Serra da Lagoa	48	72,78
	<i>Terra do Vento, S.R.L.</i>	TV-03 Serra do Punago	Serra do Punago	48	69,85
	<i>Enerfín Rodonita Galicia, S.L.</i>	Cordal	Cordal	36	69,22
	<i>Aldea Energías Renovables de Galicia, S.L.</i>	Ousá	Cordal	27	67,25
	<i>Enerfín Rodonita Galicia, S.L.</i>	Serra da Lagoa	Serra da Lagoa	50	63,95
	<i>EDP Renewables Europe, S.L.</i>	Parque Eólico Serra da Lagoa	Serra da Lagoa	48	54,47
	<i>EDP Renewables Europe, S.L.</i>	Parque Eólico Cordal	Cordal	39	54,34
	<i>Luxeol, S.L.</i>	Duvío	Serra do Punago	27	52,20
	<i>Luxeol, S.L.</i>	Cuadrela	Montes de Abella	18	51,40
	<i>Enel Green Power España, S.L.</i>	Cordal	Cordal	39	49,28
	<i>Enel Green Power España, S.L.</i>	Alto das Valiñas	Montes de Abella	21	48,82
	<i>Enel Green Power España, S.L.</i>	Os Bagantos	Serra do Punago	48	47,96
	<i>Enel Green Power España, S.L.</i>	Monte das Labradas	Serra da Lagoa	48	47,71
	<i>Enel Green Power España, S.L.</i>	Meda	Meda	48	47,63
	<i>Luxeol, S.L.</i>	Serra da Lagoa	Serra da Lagoa	49,5	47,39
	<i>Acciona Energía S.A.</i>	Serra da Lagoa	Serra da Lagoa	30	46,38
	<i>Venturia Enerxía Rural, S.A.</i>	VEN -12 Meda	Meda	48	44,62
	<i>Acciona Energía, S.A.</i>	Meda	Meda	48	44,54
	<i>Enerxías Renovables de Galicia, S.A.</i>	Punago Sur	Serra do Punago	49,5	44,53
	<i>Enerxías Renovables de Galicia, S.A.</i>	Becerreá	Becerreá	48	43,84
	<i>Lugo ICS, S.L.</i>	Parque Eólico Eogal-Castroverde	Serra do Punago	5	42,97
	<i>Lugo ICS, S.L.</i>	Parque Eólico Cruz de Restelo	Becerreá	49,2	42,85
	<i>Renovables del Occidente, S.A.</i>	Serra de Albaredo	Becerreá	48	42,09
	<i>Sigenera S.L.</i>	Parque Eólico de Cordal	Cordal	30	41,11
	<i>Globwind Proyectos, S.L.</i>	Cordal	Cordal	24	40,95
	<i>Esus Energía Renovable, S.L.</i>	Vilanova	Serra da Lagoa	27	40,76
	<i>Eurus Energías Renovables, S.A.U.</i>	Serra da Lagoa	Serra da Lagoa	36	40,25
	<i>Renovables del Occidente, S.A.</i>	Santa Marta	Serra da Lagoa	27	40,19
	<i>Esus Energía Renovable, S.L.</i>	Pena Maior	Becerreá	33	39,20

Zona	Promotor	Parque	ADE	Potencia (MW)	Puntuación
	<i>Globwind Proyectos, S.L.</i>	Meda	Meda	36	39,10
	<i>Globwind Proyectos, S.L.</i>	Pousada	Serra da Lagoa	27	38,93
	<i>Globwind Proyectos, S.L.</i>	Fonchave	Becerreá	36	38,20
	<i>Orisol Corporación Energética Galicia, S.A.</i>	Serra da Lagoa	Serra da Lagoa	48	36,14
	<i>Renovables del Occidente, S.A.</i>	Pena do Ramallo	Serra do Punago	18	35,34
	<i>E.ON Pastor Renovables, S.L.</i>	Serra da Lagoa	Serra da Lagoa	39	33,94
	<i>Viento de Lemos, S.L.</i>	P.E. Viento de Lemos Serra da Lagoa	Serra da Lagoa	38	32,23
	<i>E.ON Pastor Renovables, S.L.</i>	Montes de Abella	Montes de Abella	18	31,72
	Subtotal			1.673,70	
4	<i>Enebro Renovables, S.L.</i>	P.E. de A Guioncha	A Guioncha	48	86,40
	<i>Eolimia, S.L.U.</i>	Parque Eólico A Guioncha	A Guioncha	10	81,32
	<i>Fenosa Wind, S.L.</i>	Fial das Corzas-Louredo	Serra do Fial das Corzas	48	79,99
	<i>Fenosa Wind, S.L.</i>	Cerengo -Couso	Monte Cerengo	48	79,34
	<i>Torre de Hércules, S.L.Sociedad Unipersonal</i>	A Guioncha	A Guioncha	42	79,06
	<i>Fenosa Wind, S.L.</i>	Cañizo-Testeiro	Cañizo I	45	78,26
	<i>Ferrolterra Renovables, S.L.</i>	A Guioncha	A Guioncha	31,5	54,74
	<i>EDP Renewables Europe, S.L.</i>	Parque Eólico A Guioncha	A Guioncha	48	53,12
	<i>Soprodovento, S.L.</i>	Monte do Viso	Rodicio	37,5	45,07
	<i>Luxeol, S.L.</i>	Rodicio Sur	Rodicio	49,5	44,30
	<i>Lugo ICS, S.L.</i>	Parque Eólico Guviamé	Cañizo I	49,2	42,52
	<i>Soprodovento, S.L.</i>	Monte do Cañizo	Cañizo I	40	41,95
	<i>Esus Energía Renovable, S.L.</i>	Carpaceiras	A Guioncha	45	41,72
	<i>Renovables del Occidente, S.A.</i>	Serra do Fial das Corzas	Serra do Fial das Corzas	48	41,01
	<i>Eurus Energías Renovables, S.A.U.</i>	Cernego	Cernego	31,2	39,88
	<i>Eurus Energías Renovables, S.A.U.</i>	A Guioncha	A Guioncha	45,6	39,34
	<i>Iberdrola Renovables Galicia, S.A.U.</i>	P.E. A Guioncha	A Guioncha	31,5	37,28
	<i>Iberdrola Renovables Galicia, S.A.U.</i>	P.E. Ampliación de Larouco	San Martiño	31,5	36,44
	Subtotal			729,50	
5	<i>Renovables San Martiño, S.L.</i>	Parque Eólico Carballoso	Carballoso	18	86,59
	<i>Eólica Galenova, S.L.</i>	Montouto	Montouto	39	84,37
	<i>Galfor Eólica, S.L.</i>	P.E. Alto da Telleira	Montouto	27	83,35
	<i>Beltaine Renovables, S.L.</i>	Parque Eólico Montouto II	Montouto	18	82,53
	<i>Puentengasa, S.L.</i>	Carballoso	Carballoso	21	77,59
	<i>Oitavento, S.L.</i>	Parque Eólico Penalba	Edreira	9	76,10
	<i>Airosa Vento, S.L.</i>	P.E. de Edreira	Edreira	33	75,17
	<i>Airosa Vento, S.L.</i>	P.E. de Carballoso	Carballoso	18	73,24
	<i>Puentengasa, S.L.</i>	Montouto I	Montouto	24	69,35
	<i>Enerxía Renovable do Baixo Miño, S.L.</i>	Vicaludo	Toroña II	10	49,44
	<i>Galicuwind, S.L.</i>	Alto de Rosendo	Montouto	21	46,67
	<i>Galicuwind, S.L.</i>	Parque Eólico Coto da Ferradura	Chan do Eixo	15	46,55
	<i>Acciona Energía, S.A.</i>	Edreira	Edreira	21	45,43
	<i>Eurus Energías Renovables, S.A.U.</i>	Edreira	Edreira	21,6	44,79
	<i>Iberdrola Renovables Galicia S.A.U.</i>	P.E. Canda	Montouto	40,5	36,71
	<i>Central Eléctrica de Maceira, S.L.</i>	Parque Eólico Chan do Seixo	Chan do Eixo	12	31,86
	Subtotal			348,10	

Zona	Promotor	Parque	ADE	Potencia (MW)	Puntuación
6					
	<i>Estela Eólica, S.L.</i>	Gundeiro	Monte Acibal	48	87,02
	<i>Fenosa Wind, S.L.</i>	Curro -Meniños	Curro	21	82,03
	<i>Fenosa Wind, S.L.</i>	Monte Acibal - Cabalos	Monte Acibal	48	79,43
	<i>Hidrofeixa Enerxía Eólica, S.L.</i>	Parque Eólico Xesteiros	Monte Xesteiros	21	78,93
	<i>Puentengasa. S.L.</i>	Touriñán III-1	Touriñán 3	24	76,91
	<i>Terra do Vento S.R.L.</i>	TV-09 Monte Acibal	Monte Acibal	48	69,54
	<i>Fergo Galicia Vento PEE, S.L.</i>	Parque Eólico Pedra Gallada	Monte Xesteiros	49,5	67,03
	<i>Enel Green Power España, S.L.</i>	Outeiro da Xesta	Monte Acibal	48	61,99
	<i>Enel Green Power España, S.L.</i>	Curro	Curro	33	61,80
	<i>Energía y Recursos Ambientales, S.A.</i>	Monte Acibal	Monte Acibal	48	57,98
	<i>Ferrolterra Renovables, S.L.</i>	Monte Xesteiros	Monte Xesteiros	22,5	54,27
	<i>Gamesa Energía Galicia, S.L.</i>	Monte Xesteiros	Monte Xesteiros	49,5	53,16
	<i>Gamesa Energía Galicia, S.L.</i>	O Curro	Curro	40	52,34
	<i>Gamesa Energía Galicia, S.L.</i>	Monte Arca II	Monte Arca	16	52,03
	<i>Gamesa Energía Galicia, S.L.</i>	Monte Acibal	Monte Acibal	49,5	51,64
	<i>Enerxías Renovables de Galicia, S.A.</i>	O Curro	Curro	24	43,68
	<i>Enerxías Renovables de Galicia, S.A.</i>	Acibal	Monte Acibal	12	43,46
	<i>Esus Energía Renovable, S.L.</i>	Acevedo	Monte Acibal	36	40,42
	<i>Globwind Proyectos, S.L.</i>	Xundeiro	Monte Acibal	33	39,32
	<i>Enervalor Naval, S.L.</i>	Monte Xesteiros	Monte Xesteiros	48	38,97
	<i>Capital Energy, S.A. Mte. Acibal e Altos da Pedrida</i>	Parque Eólico Monte Acibal	Monte Acibal	45	35,44
	Subtotal			764,00	
7					
	<i>Enebro Renovables, S.L.</i>	P.E. de Outes	Outes	21	87,17
	<i>Gestamp Eólica, S.L.</i>	Outes	Outes	18	83,27
	<i>Beltaine Renovables, S.L.</i>	Parque Eólico Outes II	Outes	24	81,46
	<i>Torre de Hércules, S.L. Sociedad Unipersonal</i>	Outes	Outes	50	80,29
	<i>Fenosa Wind, S.L.</i>	Oleirón - Cravadoiro	Oleirón	39	80,10
	<i>Fenosa Wind, S.L.</i>	Pedras Longas - Castiñeira	Pedras Longas	18	79,91
	<i>Os Catro Ventos do Noroeste, S.A.</i>	Parque Eólico Monte da Pena	Outes	24	77,73
	<i>Airosa Vento, S.L.</i>	P.E. de Outes	Outes	27	77,14
	<i>Puentengasa, S.L.</i>	Oleirón	Oleirón	36	75,64
	<i>Puentengasa, S.L.</i>	Outes I	Outes	24	74,82
	<i>Renova Generación de Energías Renovables, S.L.</i>	Outes	Outes	20	69,24
	<i>Renova Generación de Energías Renovables, S.L.</i>	Oleirón	Oleirón	25	66,66
	<i>Enel Green Power España, S.L.</i>	Montes de Oleirón	Oleirón	33	63,28
	<i>Cortizo Eólicas, S.L.</i>	Parque Eólico Montes Da Pena	Outes	50	62,08
	<i>Cortizo Eólicas, S.L.</i>	Parque Eólico Montes de Oleirón	Oleirón	26	60,48
